

O Lumepán é unha celebración precristiá para a bendición das colleitas co fin de que fosen prósperas e de afastar delas as enfermidades e a saraiba, frecuente nas datas nas que ten lugar: na noite do 30 de abril, aproximadamente. O seu nome ten orixe no feito de que nela se ilumina con lume o que da terra se extrae: os alimentos, ou pan.

Esta festa, practicamente desaparecida, xira ao redor da fertilidade da terra e o agradecemento á Terra Nai polos seus alimentos. É unha ofrenda de lume ós deuses da natureza: á deusa nai, Terra, e ao deus pai, Sol, para que velen por unha boa colleita. Esta fertilidade sacra e cósmica entre o ceo e a terra fai que a vida estale sobre os campos, primeiro en forma de flor e logo como froito.

Aínda que unha das ideas aceptadas é que se remonte aos romanos ou a alta idade media, a principal teoría a identifica cunha orixe celta afirmando que garda relación con outras das súas festas, que se estenden por unha multitude de rexións europeas con ditas raíces celtas.

Aquí celebrábase na zona que se identificaría coa “Amaía” ou “A Mahía”, preto de Compostela, estendéndose, cando menos, polas terras do Ulla e do Tambre. Levábase a cabo en cada aldea dos concellos de Brión, onde tamén se coñece como “alumear o pan”, Rois, Ames, Serra de Outes, onde toma o nome de “Panpallín”... Unha das poucas referencias literarias a esta festa é do poeta Lois Tobío Campos quen, en 1917, dicía que na Amaía encomiábanse con lume as colleitas para que "Deus medre as colleitas librándoas de pedra e peste".

Durante a celebración, faise unha gran fogueira ou cacharela, xeralmente con grandes ramas ou exemplares arbóreos completos, mortos ou secos, acompañados de xestas e toxos. Acendíase con teas e pallas de centeo e trigo. Posteriormente, prendíanse uns fachos de palla de considerable tamaño, cos que se dirixían cara aos campos de cultivo para “bautizalos” coa luz do seu lume e para que as cinzas “limpasen” os camiños. Todo iso acompañado de bailes e cantos propios da terra, xeralmente de alegría e encomio aos agricultores e á labranza.

Lume pan, que che dan,
cada espiga, seu toledán.

Lume liño, que che digo,
cada espiga, seu pantrigo.

Lume aveia, que che dea,
cada espiga, súa meda.

Este proxecto realizámolo, principalmente, un grupo de alumnas da materia de Expresión Artística de 4º da ESO do IES de Brión, de entre 15 e 16 anos. Comezou xa en novembro de 2023 cunha reflexión e debate sobre a ruralidade e como nós a viviamos na actualidade. Tamén fixemos unha chuvia de ideas para a realización dunha peza audiovisual que puxera en valor o patrimonio da nosa contorna, vinculado coas ideas que saíron. Foi aí cando unha das nosas compañeiras mencionou que escoitara falar dunha festa que se estaba perdendo. Coincidiu que a nosa profesora tamén estaba interesada no tema e xa investigara sobre el. As dez integrantes do grupo escollemos ese tema, posto que nos pareceu unha festa que merecía a pena recuperar e pór en valor.

Primeiramente, aprendemos e practicamos cos distintos planos e ángulos de fotografía, así como os movementos de cámara, os *story boards* e os guións técnicos, no caso do vídeo. Tamén nos

formamos na gravación con con drons aínda que, finalmente, non os puidemos empregar por falta de resolución.

Paralelamente, realizamos investigacións sobre o Lumepán e buscamos fontes de inspiración para escoller o enfoque que darlle á temática. Unha das nosas referencias foron artistas de música e teatro, que reflicten o rural galego nos seus proxectos audiovisuais. Un rural galego actual, alegre, que respecta e pon en valor a tradición. Esa era a esencia do que queríamos para o noso proxecto.

Aínda que inicialmente fixemos un reparto de tarefas: dirección, produción, guión, investigación, cámara, son, fotografía, vestuario e maquillaxe, deseño gráfico, edición... todas participamos nas distintas tarefas do proceso, facéndoo realmente colaborativo e pondo en práctica o aprendido. Tamén contamos co apoio de familias, persoas entrevistadas e amizades doutros cursos, entre outros.

De todo o proceso, algo que nos fixo moita ilusión foi o feito de poder entrevistar unha persoa que celebrara Lumepán: Lola Serramito, veciña do Cabo (Parroquia dos Ánxeles), aldea dunha alumna do noso grupo. Recibiunos na súa casa, onde lle fixemos preguntas sobre como ela, cando era nova, celebraba cos seus achegados o “alumear o pan”. Relatounos con detalle como era a celebración: cada aldea celebrábo pola súa conta e cadaquén ía con quen quería: amigos, familia, etc. Montábanse os fachos e, á noite, ían cara aos seus campos de cultivo, xuntos, a correr arredor dos mesmos cos fachos prendidos. Contounos como o pasaban: competían en quen tiña o facho máis grande, a quen se lle queimaba todo primeiro e lle alcanzaba ás mans antes, a quen lle caían as faíscas do lume do de diante... segundo ela, era unha celebración que disfrutaban xuntos e na que había picardía e risa. Tamén nos fixo unha demostración de como facían os fachos de palla. Lola recorda a festa con gran agarimo, que nos soubo transmitir.

Preguntámoslle como cría ela que poderíamos facer para recuperar esta tradición. Ela contestou que a situación social da mocidade é moi distinta á de antes, pero que calquera é quen de montar o seu facho, saír e correr con el prendido polos seus campos.

Ademais de Lola Serramito, tamén colaboraron no proxecto as nosas familias, contactando con Lola, conseguindo o material para os fachos, axudándonos a montalos, a xestionar o lume, contactando co grupo de teatro local para que nos deixaran vestuario antigo (aínda que, finalmente, non puidemos empregalo debido á metereoloxía adversa). A familia doutra compañeira do IES cedéunos a súa leira para facer a gravación.

Para gravar a banda sonora, contamos coa inestimable axuda da familia de músicos dunha compañeira de 3º da ESO: Deva Pérez de León, Pablo Sanmamed e Nuria de León. Con eles xuntámonos para tocar e gravar a peza musical, para a cal lle realizaron arranxos.

En todo momento as decisións foron tomadas de xeito conxunto. Mais, a pesar da boa organización e implicación como equipo, posto que cada unha achegou os materiais, as actitudes e capacidades que estaban ao seu alcance para que o proxecto funcionase, cremos que non logramos acadar a idea inicial, que quizais era demasiado ambiciosa. A este feito, sumouse o inconveniente do pésimo tempo que fixo para poder rodar en exteriores. O lume, que non permite repeticións, tamén

dificultou a tarefa, así como o feito de que houbera gravacións nocturnas. Aínda así, consideramos que o que buscábamos expresar co traballo está logrado.

O proceso de pór en valor a alegre tradición rural do Lumepán foi divertido, entretido e interesante. Neste traballo de plasmar unha parte festiva da nosa cultura houbo nervios e dificultades, aínda que tamén rimos moito recreando a festa. A investigación previa pero, sobre todo, a entrevista con Lola, que nos transmitiu o agarimo polo Lumepán, fixéronnos sentir que estas tradicións non se terían que deixar morrer, forman parte da cultura dunha sociedade, a nosa cultura.

O Lumepán leva sen festexarse dende inicios de milenio. Hoxe en día poucas persoas o coñecen e quedan poucas que o viviron. Pódese considerar practicamente desaparecida, como seguro o son outros aspectos culturais nosos, desgraciadamente. Vemos isto como unha perda de parte do noso patrimonio inmaterial, que estivo vixente moito tempo e dámos moita mágoa.

Este equipo cre que esta celebración ten futuro, posto que calquera é quen, como dixo Lola Serramito, de facer un facho de palla e correr con el acendido polos seus cultivos. Parécenos unha boa idea que, mocidade ou xente adulta, se xunte e divirta con familia ou amizades, recuperando, ao mesmo tempo, unha tradición perdida, devolvéndoa á cultura á que sempre pertenceu, á nosa.

Crendo que esta festa ten futuro e pensando cal podería ser a nosa achega para recuperar o Lumepán, decidimos crear unha conta colaborativa de Instagram para poñela en valor. A conta está dinamizada por persoas dos distintos concellos nos que se celebraba, tanto particulares coma personal das administracións. Nela volcaremos tanto información, noticias, como experiencias das celebracións: vídeos e documentos gráficos. Que cadaquén que, na súa familia, lugar, aldea... faga unha xuntanza para celebrar esta festa, comparta a experiencia para visibilizala, difundila e así revivila pouco a pouco. A conta é @lume_pan, desexamos que este 30 de abril xa teña vida.

Consideramos que a participación neste proxecto abriunos os ollos ante este tipo de situacións, e cremos que está nas nosas mans recuperar estas tradicións, fomentando a divulgación desta entretida tradición, para rescatala.